# BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO SEMANAL DE GALICIA

VOLUME III / NÚM. 6
SEMANA 7/1988
(14 ó 20 de febreiro)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública

28 DE MARZO DE 1988


# AS DROGODEPENDENCIAS EN GALICIA: REFLEXIÓNS E PLANIFICACIÓN DUN PROBLEMA DE SAÚDE (III)

## *Situación actual da asistencia ás drogodependencias en Galicia*

### PLAN AUTONÓMICO SOBRE DROGODEPENDENCIAS

Sinalabamos ó principio deste apartado que a planificación a curto-medio prazo era tributaria da realizada a medio-longo prazo. Ámbalas dúas lévanse a cabo de forma paralela co fin de salvagarda-lo principio básico de integración. Así queda establecida unha planificación que é homoxénea e coherente co modelo de futuro, e que desenvolvemos de seguido.

Así, o Plan Autonómico sobre Drogodependencias sigue os principios básicos e as directrices xerais do documento de bases do PGSM, así como as funcións do equipo e a zonificación establecida para as Unidades específicas de alcoholismo e outras drogodependencias.

Como documentos de referencia utilizaranse, ademais do xa sinalado PGSM, os seguintes:

a) Mapa Sanitario de Galicia (MSG).

b) Distribución da poboación galega por área de saúde (táboa 1).

**Táboa 1** DISTRIBUCIÓN POBOACIONAL POR SEXO

| ÁREA | TOTAL | | MULLERES | | HOMES | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % | N | % |
| VIGO | 473.649 | 16,96 | 227.357 | 8,14 | 246.292 | 8,82 |
| A CORUÑA | 462.443 | 16,56 | 221.396 | 7,93 | 241.047 | 8,63 |
| SANTIAGO | 482.943 | 17,29 | 230.830 | 8,26 | 252.113 | 9,03 |
| PONTEVEDRA | 315.623 | 11,30 | 152.044 | 5,44 | 163.579 | 5,86 |
| OURENSE | 367.218 | 13,15 | 178.685 | 6,40 | 188.533 | 6,75 |
| LUGO | 259.574 | 9,29 | 128.767 | 4,61 | 130.807 | 4,68 |
| O FERROL | 233.202 | 8,35 | 112.369 | 4,02 | 120.833 | 4,33 |
| MONFORTE-O BARCO | 124.188 | 4,45 | 61.642 | 2,21 | 62.546 | 2,24 |
| CERVO-BURELA | 74.455 | 2,65 | 35.762 | 1,28 | 38.693 | 1,37 |

c) Distribución da poboación teórica en risco (10-39 anos) por área de saúde (táboa 2).

**Táboa 2** DISTRIBUCIÓN POBOACIONAL POR ÁREA SANITARIA, SEXO E IDADE
Idade: 10-39 anos

| ÁREAS | TOTAL | | HOMES | | MULLERES | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % | N | % |
| VIGO | 216.500 | 7,69 | 108.461 | 3,85 | 108.039 | 3,84 |
| A CORUÑA | 206.317 | 7,33 | 101.619 | 3,61 | 104.698 | 3,72 |
| SANTIAGO | 204.892 | 7,28 | 102.373 | 3,64 | 102.519 | 3,64 |
| PONTEVEDRA | 138.424 | 4,92 | 70.556 | 2,50 | 67.868 | 2,42 |
| OURENSE | 149.907 | 5,33 | 75.294 | 2,67 | 74.613 | 2,66 |
| LUGO | 99.771 | 3,54 | 51.900 | 1,84 | 47.871 | 1,70 |
| O FERROL | 96.089 | 3,41 | 48.677 | 1,73 | 47.412 | 1,68 |
| MONFORTE-O BARCO | 45.303 | 1,62 | 23.728 | 0,84 | 21.575 | 0,77 |
| CERVO-BURELA | 27.881 | 0,99 | 14.233 | 0,50 | 13.648 | 0,49 |
| TOTAL GALICIA | 1.185.084 | | 596.841 | | 588.243 | |

Porcentaxes con respecto á poboación total de Galicia

d) Indicador demanda de tratamento do Sistema Estatal de Información sobre Toxicomanías (distribución dos pacientes que iniciaron tratamento por consumo de drogas en 1986, segundo os seus municipios de residencia, área de saúde e provincia ) (táboas 4 e 5).

Do traballo realizado co Mapa Sanitario de Galicia, tanto dende a Dirección Xeral de Saúde Pública, órgano técnico do Plan Autonómico sobre Drogodependencias, coma dende a Comisión para a elaboración do Plan Galego de Saúde Mental e a Comisión Galega de Prevención e Loita contra a Drogodependencia, sacouse a conclusión de que as Unidades Asistenciais de Drogodependencias tiñan que segui-lo nivel III do MSG, que divide a Galicia en nove áreas sanitarias. Isto viña aconsellado porque a atención ás drogodependencias require un nivel do MSG no que estea contemplada a atención especializada; e tendo en conta que no futuro próximo os Centros de Saúde Mental do PGSM vanse ubicar nos niveis IV e V (dos que dependerán as unidades específicas), as devanditas Unidades Asistenciais de Drogodependencias tiñan que estar ubicadas, seguindo criterios homoxéneos de planificación, nun nivel superior. Neste senso o nivel III pareceu o idóneo.

Co fin de prioriza-las accións por área de saúde tívose en conta tanto a distribución da poboación por área de saúde (táboa 1) como, especialmente, a distribución da poboación teórica en risco (10-39 anos, segundo criterios estatais) por área (táboa 2). Deste xeito obtense a orde de prioridades que se reflexa na táboa 3, a cal amósanos a poboación a cubrir e protexer polas Unidades Asistenciais de Drogodependencias.

**Táboa 3** PRIORIZACIÓN DE ÁREAS SANITARIAS SEGUNDO A SÚA POBOACIÓN

| Orde de prioridade | Área de Saude Nivel III MSG | % poboación 10-39 anos | % poboación xeral |
|---|---|---|---|
| 1.º | Vigo | 7,69 | 16,96 |
| 2.º | A Coruña | 7,33 | 16,56 |
| 3.º | Santiago | 7,28 | 17,29 |
| 4.º | Ourense | 5,33 | 13,15 |
| 5.º | Pontevedra | 4,92 | 11,30 |
| 6.º | Lugo | 3,54 | 9,29 |
| 7.º | O Ferrol | 3,41 | 8,35 |
| 8.º | Monforte-O Barco | 1,62 | 4,45 |
| 9.º | Cervo-Burela | 0,99 | 2,65 |

Se ademais consideramo-la distribución dos pacientes que iniciaron tratamento en 1986 segundo o seu municipio de residencia e área de saúde (táboa 4), podemos observar que a ordenación é practicamente lineal respecto á anterior.

Aténdose a esta necesidade de priorizar non só actividades, senón tamén ámbitos territoriais, os datos expostos aconsellan que as áreas de Monforte-O Barco e de Cervo-Burela, pola súa baixa porcentaxe poboacional, sexan atendidas dende a área de Lugo, polo menos ata que o desenvolvemento do Plan Galego de Saúde Mental poña en marcha as Unidades específicas de alcoholismo e outras drogodependencias en cada unha delas. Esta tasa vese corroborada así mesmo pola táboa 4, na que se pode observar o baixo número de casos procedentes das devanditas áreas (segundo o municipio de residencia dos pacientes) que iniciaron tratamento por drogodependencias en 1986: 25 casos (5 por alcohol e 20 por outras drogas) na área de Monforte-O Barco, e 22 (15 por alcohol e 7 por drogas) na área de Cervo-Burela. Destaca que no Concello de Cervo-Burela non se producira ningún caso. É preciso sinalar que a elaboración destas táboas partíu do indicador demanda de tratamento do Sistema Estatal de Información sobre Toxicomanías (SEIT), posto en funcionamiento en Galicia no ano referido.

**Táboa 4** INICIOS DE TRATAMENTO 1986 POR ÁREAS DE SAÚDE

| ÁREA DE SAÚDE | N.º CASOS Total | Psicofármacos | Alcohol | Outras |
|---|---|---|---|---|
| VIGO | 294 | 14 | 76 | 204 |
| A CORUÑA | 81 | 4 | 1 | 76 |
| SANTIAGO | 63 | 0 | 20 | 43 |
| PONTEVEDRA | 117 | 2 | 20 | 95 |
| OURENSE | 54 | 0 | 2 | 52 |
| LUGO | 71 | 1 | 31 | 39 |
| O FERROL | 97 | 7 | 15 | 75 |
| MONFORTE-O BARCO | 25 | 0 | 5 | 20 |
| CERVO-BURELA | 22 | 0 | 15 | 7 |

# ESTADO DAS ENFERMIDADES DE DECLARA

## SEMANA 7/1988 DO

| | COMARCAS | BRUCELOSE (023) 1988 Casos | BRUCELOSE (023) 1988 Acumul. | DISENTERIA BAC.(SHIXELOSE) (004) 1988 Casos | DISENTERIA BAC.(SHIXELOSE) (004) 1988 Acumul. | ESCARLATINA (034) 1988 Casos | ESCARLATINA (034) 1988 Acumul. | FEBRE TIFOIDEA EPARATIFOIDEA (002.2) 1988 Casos | FEBRE TIFOIDEA EPARATIFOIDEA (002.2) 1988 Acumul. | GONOCOCIA (URETRITE GONOCÓCICA) (098.0) 1988 Casos | GONOCOCIA (URETRITE GONOCÓCICA) (098.0) 1988 Acumul. | GRIPE (487) 1988 Casos | GRIPE (487) 1988 Acumul. | HEPATITE VIRICA (070) 1988 Casos | HEPATITE VIRICA (070) 1988 Acumul. | INFECCIÓN MENINGOCÓCICA (036) 1988 Casos | INFECCIÓN MENINGOCÓCICA (036) 1988 Acumul. | NEUMONIAS (480-486) 1988 Casos | NEUMONIAS (480-486) 1988 Acumul. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 1 CEDEIRA | | | | | | | | | | 6 | | 21 | | | | | 1 | 7 |
| | 2 ORTIGUEIRA | | | | | | | | | | 2 | 13 | 108 | 3 | 5 | | | | 1 |
| | 3 NARÓN | | | | | | | | | | | 27 | 144 | 2 | 3 | | | 1 | 7 |
| | 4 AS PONTES | | | | | | | | | 1 | 1 | 53 | 485 | 1 | 5 | | | | |
| | 5 FERROL | | | | | | | | | | 5 | | 443 | | 6 | | | | |
| | 6 FENE | | | | | | | | | | 2 | 24 | 138 | | 2 | | | 1 | 4 |
| | 7 PONTEDEUME | | | | | | | | | 1 | 5 | 60 | 273 | | 5 | | | 1 | 9 |
| | 8 CEE | | | | | | | | | 1 | 2 | 146 | 669 | | | | | 5 | 31 |
| | 9 VIMIANZO | | | | | | | | | | | 7 | 38 | 1 | 3 | | | | 1 |
| | 10 PONTECESO | | | | | | | | | 1 | 2 | 312 | 1.446 | | | | | 8 | 23 |
| | 11 CARBALLO | | | | | | 2 | | | | 6 | 39 | 320 | | | | 1 | | 9 |
| | 12 ARTEIXO | | | | | | | | | 1 | 2 | | | | | | | | |
| | 13 A CORUÑA | | | | 1 | | 9 | | | | 7 | | 1.235 | | 17 | | 2 | | 11 |
| | 14 CULLEREDO-O BURGO | | | | | | | | 2 | | 5 | 35 | 171 | | 2 | | | 1 | 17 |
| | 15 OLEIROS | | | | | | 3 | | | | 2 | 27 | 198 | | | | | | 2 |
| | 16 BETANZOS | | | | | | | | | 1 | 11 | 54 | 407 | | | | 1 | 1 | 13 |
| | 17 SANTA COMBA | | | | | | | | | 1 | 5 | 32 | 155 | | | | | 4 | 24 |
| | 18 NEGREIRA | | | | | | | | | | | 29 | 259 | | | | | 9 | 35 |
| | 19 ORDES | | | | | 1 | 1 | | | 4 | 26 | 114 | 770 | | | | | 5 | 28 |
| | 20 CURTIS-TEIXEIRO | | | | | | | | | | | 9 | 56 | | | | | 1 | 3 |
| | 21 SANTIAGO | | 2 | | | | | | | | 10 | 264 | 1.190 | 1 | 8 | | | 7 | 44 |
| | 22 MELIDE | | | | | | | | | | | | 1 | | | | | | |
| | 23 MUROS | | | | | | | | | | | | 21 | | | | | | 2 |
| | 24 NOIA | | | | | | 30 | | | | 2 | 35 | 376 | | 2 | | 1 | | 8 |
| | 25 PADRON | | | | | | | | 1 | | 7 | 40 | 278 | | 1 | | | 3 | 22 |
| | 26 BOIRO | | | | | | | | | | | 44 | 254 | | | | | 1 | 12 |
| | 27 RIBEIRA | | | | | | | | | | | 18 | 178 | | | | | | |
| PONTEVEDRA | 28 A ESTRADA | | | | | | | | | | 1 | 44 | 339 | 1 | 3 | | 1 | | 4 |
| | 29 LALIN | | | | | | 1 | | | | 7 | 102 | 617 | | | | | 3 | 28 |
| | 30 VILAGARCIA DE AROUSA | | | | | | | | | 4 | 16 | 39 | 376 | 1 | 2 | | | | 6 |
| | 31 CALDAS DE REIS | | | | | | | | | | 3 | 14 | 126 | | | | | 3 | 11 |
| | 32 VILANOVA DE AROUSA | | | | | | | | | | | 12 | 87 | | | | | | |
| | 33 CAMBADOS | | | | | | | | | | 1 | 64 | 367 | | 1 | 2 | 2 | 1 | 12 |
| | 34 O GROVE | | | | | | | | 2 | | | 25 | 93 | | | | | 2 | 8 |
| | 35 SANXENXO | | | | | | 1 | | 2 | | 2 | 11 | 112 | | 4 | 2 | 2 | 1 | 8 |
| | 36 PONTEVEDRA | | | | | | | 1 | 3 | | 6 | 360 | 1.670 | 3 | 16 | | 1 | 1 | 8 |
| | 37 FORCAREI | | | | | | | | | | | 7 | 72 | | | | | | 4 |
| | 38 MARIN | | | | | 2 | 3 | | | | | 32 | 112 | | 8 | | | | |
| | 39 CANGAS | | | | | | | | | | | 50 | 315 | | | | | 2 | 13 |
| | 40 REDONDELA | | | | | | 1 | | 3 | | 1 | 32 | 159 | 10 | 45 | 1 | 1 | | |
| | 41 VIGO | | | | 9 | 1 | 3 | | 1 | | 6 | 225 | 1.545 | 3 | 15 | | | 1 | 3 |
| | 42 VAL MIÑOR-PANXON | | | | | | | | | | 1 | 12 | 129 | | 3 | | | 1 | 7 |
| | 43 PORRIÑO | | | | | | | | 1 | | 1 | 27 | 224 | 2 | 2 | | | | 3 |
| | 44 PONTEAREAS | | | | | | | | | | 4 | 14 | 293 | | 2 | | 1 | | 3 |
| | 45 A CAÑIZA | | | | | | | | | | 1 | 156 | 458 | | | | | | |
| | 46 A GUARDA | | | | | | | | | | 6 | 21 | 222 | | 1 | | | | 1 |
| | 47 TUI | | | | | | | | 1 | | 1 | 207 | 644 | | | | 1 | | 5 |
| | 48 SALVATERRA DE MIÑO | | | | | | | | | | | 14 | 188 | 1 | 6 | | | | |
| LUGO | 49 VIVEIRO | | | | | | | | | | 3 | 45 | 213 | | 2 | | | | |
| | 50 CERVO-BURELA | | | | | | | | | 1 | 2 | 26 | 139 | | 3 | | | 3 | 5 |
| | 51 MONDOÑEDO | | 2 | | | | | | | | | 24 | 127 | | | | | | |
| | 52 RIBADEO | | | | | | | | | | | 24 | 148 | | | | | 1 | 5 |
| | 53 VILALBA | | | | | | | | | 2 | 3 | 31 | 39 | | | | | 11 | 16 |
| | 54 MEIRA | | | | | | 2 | | | | 4 | 40 | 254 | | 1 | | | 6 | 14 |
| | 55 FONSAGRADA | | | | | | | | | | 1 | 16 | 97 | | | | | 2 | 19 |
| | 56 GUITIRIZ | | | | | | | | | | 1 | | 25 | | | | | | |
| | 57 RABADE | | 1 | | | | | | | | 2 | 37 | 71 | | | | | | 1 |
| | 58 LUGO | | | | | | 2 | | | | 9 | 27 | 139 | | 4 | | 2 | 2 | 9 |
| | 59 CASTROVERDE | | | | | | | | | 1 | 2 | 24 | 44 | | 1 | | | 1 | 1 |
| | 60 PALAS DE REI | | | | | | | | | 1 | 2 | 18 | 28 | | | | | | 2 |
| | 61 MONTERROSO | | | | | | | | | | | 1 | 22 | | | | | 4 | 10 |
| | 62 SARRIA | | 1 | | | | | | | 3 | 3 | 46 | 264 | | | | | 3 | 8 |
| | 63 BECERREÁ | | | | | | | | | | 6 | 31 | 517 | | 1 | | 1 | 1 | 10 |
| | 64 CHANTADA | | | | | | | | | | 2 | 80 | 601 | | 6 | | | 12 | 64 |
| | 65 MONFORTE DE LEMOS | | 2 | | | | | | | | 1 | 4 | 20 | | | | | 1 | 9 |
| | 66 QUIROGA | | | | | | | | | 1 | 2 | 14 | 14 | | | | | | |
| OURENSE | 67 O BARCO | 1 | 4 | | | | 1 | | | 2 | 25 | 141 | 880 | | 2 | | | 3 | 6 |
| | 68 O CARBALLIÑO | | 2 | | | | | | | 1 | 6 | 94 | 951 | | 2 | | | 2 | 14 |
| | 69 RIBADAVIA | | | | | | | | | 1 | 6 | 49 | 548 | | 6 | | | 2 | 23 |
| | 70 OURENSE | | | | | 1 | 3 | | 2 | | 5 | 84 | 521 | | 6 | 1 | 4 | 12 | 67 |
| | 71 MACEDA | | | | | | | | | | 3 | 25 | 234 | | 2 | | | 6 | 23 |
| | 72 CASTRO-CALDELAS | | 1 | | | | | | | | 2 | 30 | 139 | | 1 | | 1 | | 3 |
| | 73 A POBRA DE TRIVES | 1 | 3 | | | | | | | 2 | 4 | 4 | 98 | | | | | 1 | 9 |
| | 74 VIANA DO BOLO | | 1 | | | | | | | | 4 | 12 | 161 | | 6 | | | | 18 |
| | 75 CELANOVA | | | | | | | | | 1 | 4 | 29 | 277 | | 1 | | | 1 | 7 |
| | 76 ALLARIZ | | | | | | | | | 2 | 8 | 15 | 112 | | | | | 1 | 2 |
| | 77 BANDE | | | | | | | | | | 5 | 66 | 321 | | | | | | 1 |
| | 78 XINZO DE LIMIA | 1 | 1 | | | | | | | 1 | 22 | 64 | 427 | | | | 1 | | 7 |
| | 79 VERÍN | | 1 | | | | | | | | 15 | 41 | 163 | | | | | | 11 |
| | 80 A GUDIÑA | | 2 | | | | | | | | 2 | 8 | 116 | | | | | | |

**Táboa 5** INICIOS DE TRATAMENTO POR PROVINCIAS

| PROVINCIA | N.º CASOS | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Total | Psicofármacos | Alcohol | Outras |
| A CORUÑA | 236 | 11 | 35 | 190 |
| PONTEVEDRA | 416 | 16 | 97 | 303 |
| OURENSE | 61 | 0 | 2 | 59 |
| LUGO | 111 | 1 | 51 | 59 |

No mapa 1 preséntase a distribución por áreas dos servicios específicos de atención ás drogodependencias que se deriva dos datos e consideracións anteriores.

Pódese observar que na área de Vigo figuran dúas Unidades Asistenciais. Isto débese a dous motivos:

1.º—Vigo é a área de actuación prioritaria, polas consideracións expresadas máis arriba.

2.º—Desta área procederon 294 novos casos en 1986 (14 por psicofármacos, 76 por alcohol e 204 por outras drogas), sendo a que máis casos aportou ó total de Galicia (35,68%).

Outros dispositivos que se consideran son:

—Dúas Unidades de Desintoxicación Hospitalaria.

—Unha Unidade de Día.

—Dúas Comunidades Terapéuticas.

Estes servicios veranse reforzados polo dispositivo asistencial que o PGSM poña en marcha, polo que en principio non parece aconsellable a creación de novos servicios xa que a medio prazo implicarían a súa reconversión de acordo ó desenvolvemento do PGSM.

A ubicación da Unidade de Desintoxicación Hospitalaria en Vigo foi determinada de acordo a dous criterios:

**Mapa 1**



a) Tanto a área de saúde de Vigo como a Zona Sur (nivel I do MSG) de Galicia representan ámbitos territoriais de actuación prioritaria. En parágrafos anteriores xa se discutiron as razóns que levan a priorizar así a área de saúde de Vigo, e respecto á zona Sur na táboa 6 pódese observar que dito ámbito territorial contén a maior porcentaxe de poboación entre os 10 e os 39 anos das tres zonas nas que o nivel I do MSG divide a Galicia; na táboa 7 vemos que da Zona Sur provén o maior número de inicios de tratamento en 1986 (51,70% para o total de casos e 39,07% para outras drogas distintas de alcohol e psicofármacos).

b) Existencia previa dun hospital público con camas para desintoxicación.

**Táboa 6** DISTRIBUCIÓN POBOACIONAL POR REXIÓN SANITARIA, SEXO E IDADE

| REXIÓNS | TOTAL | | HOMES | | MULLERES | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | N | % | N | % | N | % |
| NORTE | 356.064 | 12,66 | 178.249 | 6,33 | 177.815 | 6,32 |
| CENTRO | 347.012 | 12,34 | 175.632 | 6,25 | 171.380 | 6,09 |
| SUR | 482.008 | 17,14 | 242.960 | 8,64 | 239.048 | 8,50 |

Porcentaxes con respecto á poboación total de Galicia.

**Táboa 7** INICIOS DE TRATAMENTO 1986 SEGUNDO O NIVEL I DO MAPA SANITARIO DE GALICIA

| REXIÓN | N.º CASOS | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Total | Psicofármacos | Alcohol | Outras |
| NORTE | 210 | 11 | 41 | 158 |
| CENTRO | 188 | 2 | 55 | 131 |
| SUR | 426 | 15 | 99 | 322 |

A ubicación da outra Unidade deste tipo en Santiago obedeceu a tres razóns:

a) Adecuada infraestructura sanitaria e vial.

b) Necesidade de rentabilización dos recursos existentes.

c) Posibilidade efectiva de posta en marcha inmediata do Servicio.

A Unidade de Día ten carácter experimental ata que a elaboración dun Sistema de Avaliación e Seguimento de Tratamentos permita clarificar a idoneidade deste tipo de centros, especialmente no que se refire á súa especialidade para atender exclusivamente casos de drogodependencias. Non obstante, está ampliamente documentada a viabilidade deste tipo de centros, e por outra parte o PGSM contempla os Hospitais de Día coma centros da rede, se ben non serían específicos de drogodependencias.

A ubicación das Comunidades Terapéuticas, unha na Zona Norte e outra na Zona Sur, siguen os datos aportados tanto pola táboa 6 (ámbalas dúas zonas teñen as maiores porcentaxes de poboación entre os 10-39 anos: sobre poboación total, 12,66% para a norte e 17,14% para a sur) como pola táboa 7 (da Zona Norte procedeu en 1986 o 25,9% dos inicios de tratamento por drogas distintas de alcohol e psicofármacos, e da zona Sur o 52,7%, mentres que o restante 21,4% procedeu da Zona Centro).

## *Premios*

—Premio Reina Sofía 1988, de investigación sobre as deficiencias.
Información en Secretaría General del Real Patronato de Prevención y de Atención a Personas con Minusvalía. C/ Serrano, 140. 28006. Madrid. Envío de traballos ata o 30 de maio.

—Premio «Caixa de Aforros de Galicia» para traballos sobre «Estudio médico-xeográfico e epidemiolóxico dun partido xudicial de calquera das catro provincias galegas, agás Noia, A Estrada, Vilagarcía de Arousa, Carballo, A Coruña, Zas, Corcubión e Santiago de Compostela».
Información: Real Academia de Medicina e Ciruxía de Galicia. Durán Loriga, s/n. A Coruña. Telf.: 224940.
Envío de traballos ata o 1 de outubro.

## *Congresos*

—X Reunión de la Liga Española para la lucha contra la Hipertensión Arterial.
Granada, 13-16 de abril.
Información: Eurocongres, Avda. de la Constitución, 18, bloque 4.º. 18012 - Granada. Telf. (958) 209361.

—Simposium sobre informática hospitalaria.
Barcelona, 13-16 de abril de 1988.
Información: Colexio de Economistas de Cataluña. Avda. Diagonal, 508 - 1.º. 08006. Barcelona.

—IV Congreso Internacional de Medicina del Deporte en Euskadi.
Donostia - San Sebastián, 28 de abril - 1 de maio.
Información: Centro de Atracción y Turismo. Reina Regenta, s/n. Donostia - San Sebastián. Telf. 428989.

## *Xornadas*

—III Jornadas Clínicas del Toxicómano. Proceso Terapéutico e Inserción.
Donostia - San Sebastián, 22 e 23 de abril de 1988.
Información: A.G.I.P.A.D. San Cristóbal, 4, bajo. 20012 Donostia - San Sebastián. Telf. 289311.

—II Jornades d' Hipertensió Arterial a l' Atenció Primaria.
Hospitalet de Llobregat (Barcelona). 13-14 maio de 1988.
Información: Rosa Calvis. Hospital de Bellvitge. Feixa. Llarga, s/n 08097 - Hospitalet de Llobregat. Telf. (93) 3362509. Ext. 372.

## *Cursos*

—IV Curso de actualización en medicina del trabajo.
Madrid, 4 de abril a 6 de xuño de 1988.
Información: Colegio Oficial de Médicos. C/ Sta. Isabel, 51. 28012 - Madrid.

—Curso de técnicas de promoción y educación para la salud.
Granada, 18-22 de abril de 1988.
Escuela Andaluza de Salud Pública. Avda. del Sur, 11. Granada. Telf. 280766.

—Diagnóstico de Salud de la Comunidad.
Barcelona, 18-22 de abril de 1988.
Información: CAPS, París, 150 - 1.º 2.ª - 08036 Barcelona. Telf. 3226554.

—Curso de informática aplicada a los Servicios de Salud.
Granada, 25-29 de abril de 1988.
Escuela Andaluza de Salud Pública. Avda. del Sur, 11. Granada. Telf. 280766.

—Fundamentos metodológicos de las ciencias de la Salud.
Barcelona, 25-29 de abril de 1988.
Información: CAPS, París, 150 - 1.º 2.ª - 08036 Barcelona. Telf. 3226554.

—Curso intermedio de epidemiología y estadística.
Granada, 2-27 de maio de 1988.
Escuela Andaluza de Salud Pública. Avda. del Sur, 11. Granada. Telf. 280766.

Imprime: División de Artes Gráficas de «La Voz de Galicia, S. A.». La Coruña. Dep. Legal C. 688 - 1986

**Subscrición e envío gratuito. Solicitudes:** Dirección Xeral de Saúde Pública. Consellería de Sanidade.
San Caetano, Bloque 2-2.º. 15704 - SANTIAGO DE COMPOSTELA. A CORUÑA.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública